



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Barbadás, 3 de agosto de 2018

Tendo en conta que se vai a realizar a terceira edición do Concurso “Barbadás a bocados- Pinchos 2018 organizada polo Concello de Barbadás.

En virtude das facultades conferidas polo artigo 21.g da Lei 7/1985, modificada pola Lei 11/1999 do 21 de abril.

RESOLVO:

1- Aprobar as bases que regulan o concurso “Barbadás a bocados”-Pinchos 2018, que se transcriben a continuación:

BASES REGULADORAS DA 3ª EDICIÓN DO CONCURSO “BARBADÁS A BOCADOS”– PINCHOS 2018

1. OBXECTO

O Concello de Barbadás, a través da Concellería de Comercio, organiza a acción promocional CONCURSO “BARBADÁS A BOCADOS”– PINCHOS 2018 coa finalidade de achegar e dar a coñecer a riqueza gastronómica do territorio e as distintas propostas dos establecementos hostaleiros entre a veciñanza e visitantes de Barbadás.

O concurso terá lugar o terceiro fin de semana do mes de setembro coincidindo este ano os días 13,14 e 15 de setembro de 2018.

A inscrición neste concurso supón a aceptación das presentes condicións de participación, así como das eventuais instrucións que adopte a organización.

2. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

Poderán participar neste concurso os establecementos hostaleiros do Concello de Barbadás, legalmente establecidos previa inscrición no prazo e forma detallados nestas bases.

Cada establecemento poderá participar presentando **un único pincho ao concurso**, elaborado con materia prima e ingredientes que serán libres. Facemos saber que



Concello de Barbadás

Segundo o Regulamento Europeo 1169/2011, é obrigatorio para os establecementos de restauración informar ao consumidor sobre as posibles sustancias alérxenas que conteñan os seus pratos. O hostaleiro será o responsable de informar na ficha de inscrición do concurso se o pincho é apto para celíacos ou non e os alérxenos que inclúe.

Establécese **un prezo único de 1,50 €**. O establecemento non poderá modificar a elaboración ou prezo do pincho durante o período de duración do concurso.

Os locais participantes servirán os pinchos todos e cada un dos días que dure o concurso nun horario mínimo de 12:00 a 15:30 horas e de 19:00 a 23:00 horas; (agás o xoves 13 de setembro que só se servirán en horario de 19:00 a 23:00 horas). Podendo aumentar este horario pero en ningún caso reduci-lo.

A campaña “Barbadás a Bocados” ten como un dos seus valores incentivar a cultura dos pinchos no concello e fomentar a calidade dos mesmos. Con este fin, antes do inicio do Concurso, un Equipo de Preselección analizará as receitas. Este Equipo valorará que as propostas presentadas ofrezan unha relación de calidade-prezo aceptables e rexeitará as que non o cumpran. Tampouco serán válidas para o concurso os pinchos que habitualmente se sirvan gratis nos establecementos, aínda que se realicen pequenas modificacións.

En caso de informe negativo, darase un prazo para presentar unha nova proposta ou ben mellorar a xa presentada. En caso de que non se cumprisen os requisitos mínimos, o pincho poderá ser excluído do Concurso.

Os pinchos deberán figurar na oferta habitual do establecemento como mínimo durante os días de celebración do Concurso, exceptuando os días oficiais de peche do establecemento, que deberán ser detallados na ficha que se adxunta. Pasado o Concurso, os pinchos presentados poderán seguir formando parte da oferta de cada establecemento.

Ademais os establecementos participantes deberán:

- X Colaborar en tódalas accións de comunicación, prensa e relacións públicas do evento.
- X Selar a tódolos clientes que o precisen, co seu correspondente selo na tarxeta despois de consumir o pincho específico do concurso.
- X Exhibir nun lugar visible do interior do establecemento o distintivo que



Concello de Barbadás

identificará ós participantes no concurso de **BARBADÁS A BOCADOS**

- X Colocar, nun lugar visible e accesible, a urna deseñada ó efecto, na que o público depositará os votos
- X Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de xeito visible o pincho que participe no concurso
- x Dar un informe final e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de facer propostas de mellora para as futuras edicións do mesmo.
- x Os compoñentes do xurado ,debidamente identificados, estarán convidados por cada establecemento ao pincho e a bebida básica (cervexa, viño, auga ou refresco)

3. INSCRICIÓN

Deberán inscribirse para tal fin entre os días 6 de agosto e o 17 de agosto de 2018 ambos inclusive, presentando a ficha de inscrición (Anexo I), nos rexistros do Concello (Casa do Concello e Oficina Municipal).

Casa Concello: Rúa Cimadevila 1. Barbadás

Oficinas Municipais: Rúa do Viso número 2 baixo, A Valenzá

Información no Teléfono: 988360413

4. PREMIOS:

Os premios do concurso outorgaranse conforme ás puntuacións obtidas polas sucesivas votacións dos/as consumidores/as e xurados.

Os premios que se establecen son os seguintes:

☐ Premio do Xurado Profesional: Diploma distintivo

☐ Premio do Xurado Popular: Diploma distintivo

4. A. PREMIO DO XURADO PROFESIONAL

O xurado profesional degustará os pinchos en cada un dos establecementos participantes.

O xurado terá en conta non só a elaboración e sabor do pincho presentado senón tamén a súa presentación e a calidade.

O xurado poderá estar composto por persoas do ámbito da hostalería, o turismo, o periodismo gastronómico e da cultura, de xeito que se garante un veredicto que redunde



Concello de Barbadás

na excelencia e credibilidade do concurso

O premio o mellor pincho Barbadás a Bocados 2018 será outorgado o que reciba a maior puntuación.

4. B. PREMIO DO XURADO POPULAR

O premio outorgado polo xurado popular será entregado a aquel pincho e establecemento escollido por votación popular.

As votacións poderán realizarse nas urnas situadas nos establecementos participantes.

As tarxetas de votación serán as distribuídas para a ocasión.

Unha vez consumido o pincho do concurso, o cliente deberá pedir que a súa tarxeta de votación sexa selada polo establecemento ou, no seu defecto, asinada polo/pola responsable do mesmo. O/a cliente escribirá na tarxeta o nome do pincho ou establecemento que considera como gañador de entre os catro que aparecen selados na papeleta.

Criterios de adxudicación

Cada tarxeta deberá ter mínimo 4 selos de diferentes establecementos Os votos que non cumpran estas regras serán anulados.

Cada tarxeta debidamente cuberta entrará no sorteo dunha serie de premios promocionais (cinco vales cun valor de 50 euros cada un, para gastar no comercio local de Barbadás) que se concederán para recompensar e impulsar a participación do público.

5. PARTICIPACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS NO I ENCONTRO DE CANTOS DE TABERNA DE BARBADÁS “CANTOS DE BOCADOS”

Nesta ocasión celebrarase o I Encontro de Cantos de Taberna de Barbadás “Cantos de Bocados”, os grupos participantes estarán integrados por un conxunto de persoas que cantarán e tocarán nos locais que sendo participantes da 3ª Edición do Concurso de Barbadás a Bocados queiran contar nos seus establecementos coa animación destes grupos e manifesten a súa aceptación.

Para poder contar con estes grupos ten que existir un compromiso por parte dos establecementos hosteleiros para convidar aos compoñentes dos grupos dos cantos de



Concello de Barbadás

taberna a:

-Un convite a bebida básica (cervexa, viño, auga ou refresco) e a un pincho (non ten porque ser o pincho do concurso)

6.PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO EVENTO:

O evento será publicado nas diferentes redes sociais. O nome do establecemento e o pincho ofertado figurará nos folletos de difusión ao público en xeral. Así mesmo, en cada establecemento haberá folletos para o público participante. Os datos dos/as participantes e a información escrita e gráfica xerada estará accesible na páxina web do Concello e anuncio en prensa

MATERIAL PROMOCIONAL- A organización entregará a cada establecemento cartelería, folletos, urnas e cupóns de votación para o público. Os establecementos inscritos disporán durante o desenvolvemento do concurso dun elemento identificador que sexa visible a modo de distintivo como participante no concurso. Unha vez finalizado o concurso, os establecementos entregarán á organización as urnas e material sobrante.

7.ENTREGA DE PREMIOS:

A entrega dos premios aos establecementos gañadores realizarase dúas semanas despois da finalización do concurso no salón de actos do Concello. Neste mesmo acto, de carácter público, se levará a cabo a extracción ao azar das cinco tarxetas agraciadas cun vale por valor de 50 euros cada unha.

Posteriormente, se comunicará telefonicamente aos/as gañadores/as das tarxetas que resultaron agraciados o seu premio.

8.NORMAS XERAIS:

A participación na devandita promoción supón a aceptación das presentes bases así como a aceptación do criterio que estableza a organización para resolver cantas cuestións se producisen durante o desenvolvemento do concurso.

En beneficio de todos os/as participantes e o bo desenvolvemento do concurso, a organización poderá descualificar e deixar fóra de concurso aos establecementos que incumpran algunha destas bases.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Concello de Barbadás

En cumprimento do Regulamento Xeral de Protección de Datos (Rgto UE/2012/679), a organización informa que os datos que se faciliten para participar nesta promoción, xunto cos que se faciliten en caso de resultar premiado, son necesarios para participar na promoción, e que serán incorporados a base de datos do Concello unha vez finalizada a mesma. Calquera dúbida será atendida pola Concellería de Comercio de Barbadás



BOLETÍN DE INSCRICIÓN (ANEXO 1)

DATOS DO ESTABLECEMENTO PARTICIPANTE

FICHA TÉCNICA DO PINCHO:

O/A asinante solicita a súa inscrición no Concurso “Barbadás a Bocados “ Pinchos 2018:

1. Coñece e acepta as bases que regulan este concurso.
2. Autoriza a que se reproduza a súa receita e fotos nos medios de comunicación.

ACEPTA A PARTICIPACIÓN DALGÚNS DOS GRUPOS DE CANTOS DE TABERNAS NO SEU ESTABLECEMENTO

En Barbadás, _____ de _____ 2018

Sinatura:

INFORMACIÓN DE INTERESE: Para dar cumprimento ao establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos (Rgto UE/2012/679), infórmolle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario, serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Barbadás. A presentación da solicitude supón a aceptación das bases reguladoras



Concello de Barbadás

2- Darlle publicidade no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Barbadás.

Mándaos e asínoos o señor Alcalde en Barbadás a tres de agosto de dous mil dezaosito do que eu como Secretaria Xeral dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE